

Coñecemento do medo (Malafera, 2021)

Herbas, arbustos e árbores. Paraxe.

ANNIHILATION. Alex Garland, 2018.

Serei unha eremita* da doenza**
non polas caries en cernes
non por indigestión
ou a perfidia empalagosa do cacao.
Só por parar*** a culpa da boa**** saúde.

* Eremita significa afiar as unllas dun anxo por obriga.

** Doenza é nome propio cando coincide coas vacacións e partícula voadora non identificada
cando podería valer de excusa a un repartidor de glovo.

*** Parar/pausar/deter/fender o tempo coa épica do instante/cortarse a un mesmo
reflexivamente cara a dentro/considerar voráxine calquera cousa que teña relación coas outras
cousas/converterse só un chisco e para sempre ao negacionismo dos ligamentos hexemónicos
occidentais colonialistas brancos cisheteronormativos heteropatriarcais xudeocristiáns.

**** Boa: non eu, non agora.

Boa: 2. a constríctor.

DR VENTRESS

Then, as a psychologist, I think you're confusing suicide with self-
destruction. Almost none of us commit suicide, and almost all of us
self-destruct.

Só por parar na queixa,
a luz dos terroristas cativa ás colexialas nun odio indiscernible.
É a fartura de enigmas,
a sedución contida no horizonte de Columbine.
no límite do humano.
Un relativismo sandador transmuta a queimadura en cereal.

Quero ser o despoxo recóndito do prado, que todos me odien odiar con motivo.
O saqueo da folla
que engulo coma un saurio de pólas desalmadas
é o tempo de temer ás sombras como a seres antigos.

Bosque, non ensombrezas o dano espurio de saír correndo onda os paus do mesmo nome
e crer que temos cabaniñas dentro.
Ensíname as palmas, que preciso desfacerme
desta marxe
nesta marxe de erro enfeitizado.

Comprendo á xente mala. Un pesadelo analxésico escangalla a estirpe.

LENA

It's not destroying. It's making something new.